

CERTAME DE NARRACIÓN E DEBUXO INFANTIL

LETRAS GALEGAS 2022

-Convocatoria Local-

A BIBLIOTECA PÚBLICA MUNICIPAL “EL VIEJO PANCHO” DE RIBADEO **convoca o CERTAME DE NARRACIÓN E DEBUXO INFANTIL LETRAS GALEGAS 2022** (Fase Local), de acordo coas seguintes **BASES**:

1ª/ Poden participar todas as nenas e nenos con:

-A) Narracións, en galego, cunha extensión máxima dun folio por unha soa cara sobre o tema proposto a continuación: **“O QUE PASA AO MEU ARREDOR”**: **Observa o mundo. Non precisas subir nun foguete nin nun avión. Mira ao teu arredor. Que ves? Que pasa? Como te sentes Podes contalo. O que ves, o que sentes, o que pensas é importante. É a túa visión do mundo. E para nós, é valiosa.**

-B) Debuxos, feitos sobre cartolina de tamaño aproximado de **DIN A4** (folio), sobre o tema: **“O QUE PASA AO MEU ARREDOR”**: **Observa o mundo. Non precisas subir nun foguete nin nun avión. Mira ao teu arredor. Que ves? Que pasa? Como te sentes. Podes debuxalo. O que ves, o que sentes, o que pensas é importante. É a túa visión do mundo. E para nós, é valiosa.**

2ª/ Cada autor/a pode presentar cantos traballos desexe, mecanografados, escritos a computador ou a man; neste último caso sempre a **bolígrafo** e nunca a lapis. No reverso de cada traballo irán escritos os seguintes datos : nome e apelidos, idade, enderezo, teléfono e colexio do autor ou autora.

3ª/ Establécense tres categorías : A, ata 8 anos, B, de 9 a 11 anos, e C, de 12 a 16 anos.

4ª/ O prazo de presentación rematará o vindeiro **27 de abril**, debendo ser entregados na BIBLIOTECA MUNICIPAL.

5ª/ O xurado, formado por persoas entendidas na materia, seleccionará por cada modalidade e categoría un máximo de tres traballos.

6ª/ O fallo do xurado local farase público antes do DÍA DAS LETRAS GALEGAS.

7ª/ Os traballos premiados nesta fase local, participarán na fase provincial do Certame, convocado pola Biblioteca Pública de Lugo, co patrocinio da Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia.

8ª/ Os traballos premiados pasarán a ser propiedade da Biblioteca Pública, que se reserva o dereito de publicación dos mesmos.

9ª/ Todas as incidencias non previstas nestas bases serán resoltas polo xurado.

10ª/ A presentación das obras a este Certame supón a aceptación das presentes bases.